

Resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a concesión demanial da utilización dun espazo no campo de fútbol do Couto no concello de Ourense a favor da empresa American Tower España S.L. para a continuidade da actividade da base de telecomunicacións instalada nese espazo.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 1 de agosto de 2015, a Secretaría Xeral para o Deporte, emitiu Resolución pola que se concede unha autorización de uso enmarcada no funcionamento dun servizo público nun espazo no campo de fútbol do Couto para a instalación dunha estación base de telecomunicacións, a favor de Telefónica Móviles España, S.A.U. (en adiante Resolución do 1 de agosto de 2015). O período de vixencia desta resolución remata o 1 de agosto de 2025.

Segundo.- Con data 18 de febreiro de 2016, fíxose efectiva a inscrición da escritura de escisión no Rexistro Mercantil de Madrid mediante a cal TELEFÓNICA MÓBILES ESPAÑA, S.A.U. escindiuna unha das súas ramas de actividade consistente na explotación de infraestruturas de telecomunicacións a favor da sociedade TELXIUS TORRES ESPAÑA S.L.U., adquirindo esta última, en bloque e por sucesión universal, todos os dereitos e obrigacións derivados da devandita rama de actividade escindida e, en consecuencia, subrogándose na posición ostentada ata entón por TELEFÓNICA MÓBILES ESPAÑA, S.A.U. nos contratos de arrendamento para a instalación e construción de estacións base de telecomunicacións.

Terceiro.- Con data 1 de xuño de 2021, realízase cambio de denominación social pasando TELXIUS TORRES ESPAÑA, S.L.U. a denominarse AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L.

Cuarto.- Con data 28.07.2025 tivo entrada a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Nº de entrada 2025/2112203) unha solicitude de concesión demanial, por parte da entidade AMERICAN TOWER ESPAÑA SL, con NIF B87494936, onde manifesta o seu interese na continuidade do uso dun espazo no campo de fútbol de O Couto para a utilización da base de telecomunicacións.

Quinto.- A entidade achega, xunto coa súa solicitude, a seguinte documentación:

- Escritura de escisión de TELEFÓNICA MÓBILES ESPAÑA, S.A.U. a favor de TELXIUS (ahora denominada AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L.)
- Escritura de cambio de denominación social de TELXIUS TORRES ESPAÑA, S.L.U. que pasa a denominarse AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L.
- Escritura de fusión por absorción e declaración de cese de unipersonalidade.



- Escritura de outorgamento e revogación de poderes.
- Escritura de outorgamento de poder de representación.
- Tarxeta de identificación fiscal de AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L.
- Resolución do 1 de agosto de 2015, pola que a Secretaría Xeral para o Deporte concedeu a autorización de uso dun espazo do campo de fútbol do Couto na cidade de Ourense para a instalación dunha base de telecomunicacións a favor da empresa Telefónica Móviles España S.A.
- Memoria explicativa.
- Proxecto de obra con planos e fotografías.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1-Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28 de abril), a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolvida pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG do 13 de abril).

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é titular do campo de O Couto consonte ao Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, e o Real Decreto 4123/1982, do 29 de decembro de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe no seu artigo 5.1.r) á Administración autonómica o exercicio, entre outras, da competencia para ordenar e, de ser o caso, xestionar as instalacións e os centros deportivos que teña adscritos. Asemade, e de conformidade co artigo 5.2 da mesma norma as competencias indicadas na alínea anterior exerceranas, nos termos establecidos nesta lei e, se é o caso nas súas normas de desenvolvemento, os órganos administrativos que determinen as normas de organización e funcionamento da Xunta de Galicia.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deporte.

Pola súa banda, segundo o artigo 48.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para outorgar autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha



norma con rango de lei, correspóndelle á persoa titular da consellaría á que se encontren adscritos ou ao órgano unipersoal de goberno da entidade pública instrumental titular ou á que se encontren adscritos os bens ou dereitos.

A Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería, no seu artigo 4º delega na persoa titular da Secretaría Xeral Técnica as competencias en materia de xestión patrimonial.

2.- O artigo 39 de Lei 6/2023 do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG) establece que na utilización dos bens destinados ao uso xeral considérase uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización deste por outras persoas interesadas. O uso privativo require, de acordo co establecido no art. 40.3 da LPCAG, o previo outorgamento dun título axeitado á súa natureza, de conformidade coas seguintes regras:

- a) cando a ocupación se efectuara con instalacións desmontables ou bens mobles e a súa duración iniciación non fora superior a catro anos, estará suxeito a autorización;
- b) cando a ocupación se efectuara con obras ou instalacións fixas ou por prazo inicial superior a catro anos, estará suxeito a concesión.

AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L presenta unha solicitude de concesión de uso, por un período de 10 anos, do espazo no campo de fútbol de O Couto para a continuidade da actividade da torre de telecomunicacións, xa instalada no dito espazo.

3.- O art. 46.1 da LPCAG establece que as concesión sobre bens de dominio público outorgaranse directamente nos supostos do artigo 103.2., entre os que se atopa: c) *Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral ou socioeconómico por persoa distinta das previstas nos apartados a) e b) anteriores.*

Artigo 103.2. Pode acordarse a venda de bens inmoables ou dereitos por adxudicación directa nos seguintes supostos:

- a) Cando quen adquira sexa outra administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.
- b) Cando quen adquira sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública.

Neste caso, a estación base de telecomunicacións propiedade da entidade AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L que ocupa un espazo no Campo de Fútbol de O Couto sito na rúa do Serán, 1G, no Concello de Ourense, é necesaria para dar cumprimento a unha función de servizo público, posto que proporciona a infraestrutura necesaria que permite a conexión e acceso ao servizo de telefonía e a rede de



telecomunicacións.

AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L é unha entidade habilitada para a prestación destes servizos, polo que atópase dentro do ámbito subxectivo das concesións de uso demanial directas.

Outorgarase coa finalidade de garantir a continuidade da prestación do servizo de cobertura de telefonía móbil coa estación base de telefonía móbil existente, en beneficio da poboación de Ourense.

4.- O apartado 46.3 establece que as concesións demaniais outórganse por tempo limitado, sendo o seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, de 75 anos.

Establécese un período de duración da concesión de 10 anos contados a partir da sinatura do documento administrativo de formalización da concesión, con posibilidade de prórrogas sen exceder o máximo legal establecido.

5.- As concesións demaniais poden ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou con condicións ou estar suxeitas a unha taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público, regulada na normativa autonómica en materia de taxas. Serán gratuítas cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non implicase unha utilidade económica para a entidade concesionaria ou, aínda existindo esa utilidade, a utilización ou aproveitamento supuxese condicións ou contraprestacións para a persoa beneficiaria que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Na Resolución do 1 de agosto de 2015, estableceuse un canón anual de sete mil cincocentos euros (7.500€). Esta renda será revisada de acordo coa variación porcentual que experimente o Índice Xeral Nacional do Sistema de Índices de Prezos ao Consumo (IPC), que fixa o Instituto Nacional de Estatística.

Con data 08.04.2025 a entidade AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L realizou o ingreso correspondente a anualidade 2024 en concepto de uso do campo de fútbol de O Couto pola instalación da base de telecomunicacións e que ascendeu a 9.222,04 € conforme a actualización correspondente, polo tanto, a dita entidade atópase ao día no cumprimento da obriga de pago da renda estipulada e este importe considerase o canón anual de partida para a presente concesión.

6.- O procedemento para o outorgamento directo de concesións iniciárase de oficio, a petición da persoa interesada. A súa tramitación corresponderá á consellería ou entidade instrumental que dispuxese da adscrición do ben ou dereito, á que remitiranse as peticións de autorización ou concesión. Recibida a documentación establecida no art. 50.2 LPCAG, procederase ao seu exame e comprobación, requirindo a súa emenda se estivese incompleta ou non se axustara aos requisitos legais.

Unha vez incoado o procedemento, elaborárase unha proposta de resolución que se sometera a informe



previo e vinculante da consellería competente en materia de patrimonio, que versará sobre a procedencia e necesidade do ben ou dereito, podendo establecer requisitos ou condicións ao obxecto de velar polo patrimonio da Comunidade Autónoma.

A petición de informe haberá de ir acompañada da memoria xustificativa sobre a procedencia da autorización ou concesión e do prazo proposto, dunha reportaxe fotográfica sobre a situación do ben, previo á posible ocupación e, nos casos de concesión, do borrador do documento administrativo.

A Asesoría Xurídica deberá informar da proposta de concesión, examinando especialmente a conformidade a dereito da súa adxudicación directa e, no seu caso, do seu carácter gratuito.

7.-Tendo en conta a Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, perseguirase que o fomento das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia se leve a cabo con pleno respecto á contorna, ao medio ambiente, á paisaxe e ao patrimonio cultural, e sirva, á súa vez, como elemento de cohesión, non só económica e social, senón tamén territorial.

De acordo co disposto nos artigos 2.4 e 6.3.d) da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, o espazo onde se atopa instalada a base de telecomunicacións no Campo de Fútbol de O Couto outorgarase en réxime de concesión para dar cumprimento a unha función de servizo público, posto que proporciona a infraestrutura necesaria que permite a conexión e acceso ao servizo de telefonía e a rede de telecomunicacións, en beneficio da poboación de Ourense.

A consideración do uso como servizo de interese xeral, a non vulneración do principio de libre concorrência, e o feito de que no campo de fútbol de O Couto xa está instalada unha torre de telecomunicacións (Estación base de telefonía móbil), propiedade de American Tower España, S.L., permiten xustificar esta concesión sobre un ben de dominio público.

A concesión outórgase por un período de 10 anos dende a data de sinatura do documento administrativo de formalización da concesión administrativa habilitante, con posibilidade de prórrogas, previa solicitude da entidade interesada formulada con suficiente antelación ao seu vencemento e ata o tempo máximo legalmente establecido.

Son causas de extinción desta concesión as establecidas no artigo 55 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que lle sexan de aplicación, así como as especificadas a continuación:

- A finalización, perda ou modificación da concesión da licenza que lle habilita para prestar o servizo de telefonía móbil como operador.



- Se calquera modificación realizada nas fincas do entorno, cambiara as características do emprazamento, ocasionando que os equipos de telecomunicacións vexan deteriorado o seu rendemento ou condicións de explotación.
- Se despois da sinatura deste documento administrativo estivera pendente da concesión de algunha licencia ou concesión administrativa esixible legal ou regulamentariamente, e esta fora posteriormente non concedida ou denegada polo Organismo Oficial competente na materia.
- Se durante a vixencia da concesión os estudos ou proxectos técnicos realizados deran como resultado a inviabilidade técnica da instalación, así como si se produce un cambio de tecnoloxía ou sistema que fixera inviable a prestación do servizo dende a dita localización.
- Se o dito emprazamento se inclúe en plans de desenvolvemento de compartición de infraestruturas entre operadores de telefonía móbil, así como si por motivos de Ordenación Urbanística ou por readecuación tecnolóxica se fai inviable manter a instalación na súa localización orixinal.
- De acordo co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas e co artigo 47 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, non concorre na empresa AMERICAN TOWER ESPAÑA S.L. ningunha das prohibicións de contratar reguladas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que imposibilitarían que este ostentase a condición de titular dunha concesión demanial. No caso de que posteriormente ao outorgamento da concesión a empresa incorra nalgunha das prohibicións de contratar, producirase a extinción da concesión.

En base ao exposto, vista a proposta de concesión da Secretaria Xeral para o Deporte de data 5 de setembro de 2025, o informe favorable da Subdirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública de data 23/09/2025 e o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 15/10/2025,

RESOLVO:

-Outorgar a concesión demanial dun espazo do campo de fútbol de O Couto na cidade de Ourense onde está instalada a base de telecomunicacións a favor da empresa AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L., con NIF B87494936, para a continuidade da actividade da base de telecomunicacións xa instalada no dito espazo, suxeita a contraprestación e por un período de dez (10) anos dende a sinatura do documento administrativo de formalización da concesión administrativa, de acordo coas seguintes condicións:

- Beneficiario: AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L., (NIF B87494936)





- Obxecto: outorgamento da concesión demanial no marco do uso dun espazo do campo de fútbol do Couto na cidade de Ourense onde está instalada a base de telecomunicacións.
- Prazo: 10 anos, con posibilidade de prórrogas, previa solicitude da entidade interesada formulada con suficiente antelación ao seu vencemento e ata o tempo máximo legalmente establecido. Razóns de interese público poderían xustificar unha revogación unilateral por parte do órgano outorgante, sen dereito a indemnización.
- Finalidade do outorgamento: o fomento das infraestruturas de telecomunicacións como factor esencial para a xeración de novas actividades e mellora da competitividade do sector empresarial e de redución dos desequilibrios económicos, sociais e culturais daquelas áreas máis afastadas dos centros urbanos.
- Réxime de uso: de acordo coa solicitude achegada pola entidade solicitante, a AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. comprométese ao cumprimento das condicións que se establecen na presente resolución.
- Dereitos e obrigas da beneficiaria: AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. obrígase a:
 - o Destinar o espazo do Campo de Fútbol de O Couto a instalación e o funcionamento dos equipos de telecomunicacións, así como dos elementos accesorios, non podendo destinarse a ningunha outra actividade, salvo previa autorización por escrito.
 - o Redactar un acta onde se recolla o estado de conservación da instalación para garantir que está integrada de forma ordenada, eficiente e respectuosa co medio ambiente, o entorno e o patrimonio cultural.
 - o Á non cesión do uso e disfrute dos bens a terceiros non expresamente indicados no acordo de concesión.
 - o Ao correcto mantemento da instalación de equipos de telecomunicacións, así como dos seus elementos accesorios.
 - o A facerse responsables da reparación de calquera dano que se produza no campo de fútbol de O Couto consecuencia da instalación, mantemento e funcionamento da estación base de telecomunicacións.
 - o A facerse cargo de todos os gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e mais tributos.
 - o A permitir que a consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral





para o Deporte poida inspeccionar o uso do ben para garantir que é utilizado nos termos previstos

- A recoller e abonar pola súa conta o importe das correspondentes licencias e permisos administrativos e ao abono das taxas, impostos e/o contribucións municipais ou de calquera outra clase derivadas da base de telecomunicacións.
- No seu caso responderá de calquera sanción que se derive da falta de licencias e/ou permisos administrativos ou pola falta de idoneidade da localización do conxunto construído e instalación de telecomunicacións. Asemade obrigase a levar a efecto pola súa conta as reparacións correspondentes no prazo mais breve posible dos danos que se produzan por motivos de uso e desfrute do solar durante o período de vixencia desta concesión.
- A deixar a superficie autorizada ao término da mesma no mesmo estado no que a recibe, salvo as alteracións producidas polo transcurso do tempo, ou por causa inevitable. No obstante, a petición do propietario poderá deixar en beneficio da finca a parte das obras realizadas que non sexan susceptibles de reutilización, podendo, en todo caso, retirar todos aqueles elementos da súa propiedade que poidan ser desmontados sen causar deterioro na finca.
- A asumir toda a responsabilidade polos danos que se puideran producir na finca ocasionados como consecuencia da instalación e mantemento dos equipos de telecomunicacións, sempre que se probe que os danos producidos na finca son consecuencia directa e expresa da instalación ou mantemento dos equipos de telecomunicacións.
- A subscribir unha póliza de seguro de todo risco, de perdas e danos materiais, que garante a cobertura e indemnización dos posibles danos materiais que se puideran producir na finca. Ademais, AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. subscribirá unha póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros. A Comunidade Autónoma de Galicia será a beneficiaria e a asegurada, respectivamente, destas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión, prazo inicial e, se é o caso, prórrogas.
- A comprometerse a que a instalación de equipos de telecomunicacións, así como os seus elementos accesorios xa instalados ou que se instalen no espazo obxecto da presente concesión cumprirá en todo momento cos niveis de referencia establecidos na Recomendación do Consello Europeo de data 12 de xullo de 1999 e no Real Decreto





1066/2001 de 28 de setembro sobre a limitación da exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (ou normativa que a substitúa), tanto na finca en cuestión, como nas colindantes.

- A Secretaría Xeral para o Deporte non será responsable de ningún acto que por acción u omisión produza danos materiais ou persoais pola utilización das instalacións por parte de AMERICAN TOWER ESPAÑA SL nin se fai responsable dos obxectos extraviados, roubados ou esquecidos nas instalacións.
- Réxime económico: canón anual de nove mil douscentos vinte e dous euros con catro céntimos (9.222,04 €). Esta renda será revisada de acordo coa variación porcentual que experimente o Índice Xeral Nacional do Sistema de Índices de Prezos ao Consumo (IPC), que fixa o Instituto Nacional de Estatística. Este canon farase efectivo nun único pagamento anual, unha vez recibido o requirimento de pago remitido pola Secretaría Xeral para o Deporte. Este pago ingresarase na conta do Tesouro da Xunta de Galicia.
- Gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e mais tributos: AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. farase cargo de todos estes conceptos.
- Compromisos: AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. asume os compromisos establecidos no art. 51.2 da LPCAG.
- Reserva: a consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes resérvase a facultade de inspeccionar o uso do ben para garantir que é utilizado nos termos previstos.
- Posibilidade de transmisión/subrogación: o titular da concesión será en todo caso AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L., quen non poderá transmitir tal título nin as obrigas e dereitos que del se deriven fronte a Administración.
- Causas de extinción: esta autorización demanial extinguirase por calquera das causas establecidas no art. 55 da LPCAG.
- Revogación: Recoñécese a posibilidade de revogación unilateral por parte da Administración, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público, nos supostos previstos no artigo 45.4 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. AMERICAN TOWER ESPAÑA, S.L. poderá instar a finalización anticipada da presente concesión en calquera momento sen obriga de pago de cantidade ao propietario en concepto de indemnización ou compensación, sempre que llo comunique ao mesmo cunha antelación mínima de 9 meses a data prevista de finalización.





- A efectos de notificacións: establécese como domicilio de AMERICAN TOWER ESPAÑA S.L., as súas oficinas en C/ Quintanadueñas, número 6, Piso 1º, 28050, Madrid.

AMERICAN TOWER ESPAÑA S.L., dispón dunha dirección de correo electrónico onde a Secretaría Xeral para o Deporte poderá dirixirse en todo momento para calquera aspecto relacionado co obxecto do presente documento. A dita dirección é legal.ate@americantower.com.

Todas as notificacións que se efectúen ao dito domicilio, entenderanse por ben feitas, salvo que por conduto fehaciente calquera das partes tivese indicado, á outra, cambio de domicilio a estes efectos.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital
O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
(P.D. Orde do 12.06.2024, DOG núm.117 do 18.06.2024)

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

